



004674 16.05.2014 08:40

Á vista do escrito de dona María Jesús Aira Rodríguez, profesora titular e coordinadora do grupo de investigación GI-1809 – Biodiversidade e botánica aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización das prácticas do alumnado do Master Universitario en Enxeñaría Ambiental impartido na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, esta REITORÍA

-Considerando que o grupo de investigación -1809 – Biodiversidade e botánica aplicada arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións de Master coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado do Master Universitario en Enxeñaría Ambiental nas instalacións do grupo de investigación que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- As prácticas que realicen os alumnos/as terán unha carga docente de 6 créditos ECTS , e desenvolveranse de xeito continuado nun período de 10 semanas, ou ben en períodos discontinuos, previo acordo consensuado entre o alumno/a e a dirección do GI 1809. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 150 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos.
- O obxecto das prácticas será ofertar unha formación básica sobre os fundamentos e técnicas da Aerobioloxía, basicamente da identificación e cuantificación dos principais tipos polínicos e esporas fúnxicas presentes na atmósfera, centrándose na análise da calidade biolóxica do aire en relación a saúde.
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica do Máster, de acordo coa Coordinadora do Grupo GI-180 e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

- A Comisión Académica do Master nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento ds prácticas dos alumnos. Así mesmo, a dirección do grupo de investigación nomeará a un titor/a que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas do grupo de Investigación..
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a gafa docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de investigación emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

SRA. M^a JESÚS AIRA RODRÍGUEZ
SRA. FRANCISCO OMIL PRIETO (Coordinadora Master)
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA